

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTIAGO DE COMPOSTELA

##### Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago S.A

*Anuncio da licitación do subministro, instalación e servizo de asistencia técnica de mantemento, durante o período de garantía, dun sistema de xestión, control e cobro nos aparcadoiros de Xoán XXIII e Belvís e na dársena de autobuses en Santiago*

**RESOLUCIÓN do Consello de Administración da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A. (TUSSA), do 6 de outubro de 2017, pola que se anuncia a seguinte LICITACIÓN:**

**1. Obxecto do contrato:** subministro, instalación e servizo de asistencia técnica de mantemento, durante o período de garantía, dun sistema de xestión, control e cobro no aparcadoiro e na dársena de autobuses de Xoán XXIII e no aparcadoiro de Belvís.

**2. O orzamento máximo de licitación,** sen incluír o IVE, que deberá soportar TUSSA para o subministro, instalación e mantemento, en período de garantía, fíxase en 195.000,00 €.

O IVE correspondente (21% do orzamento base anterior) ascende a 40.950,00 €.

Neste orzamento de licitación está incluído o subministro, a instalación e o mantemento, durante o período de garantía, nos termos establecidos no prego técnico.

O importe do mantemento, xa incluído no importe de licitación, será como máximo de 4.000 €/anuais para o aparcadoiro e dársena de Xoán XXIII e de 2.500 €/anuais para o aparcadoiro de Belvís. Non se admitirán ofertas que superen ditos importes.

**3. Procedemento de licitación:** a adxudicación do contrato realizarase polo órgano de contratación, mediante procedemento aberto, tomando como base os criterios de adxudicación da cláusula 10 do prego administrativo.

**4. Duración do contrato. Prazo de execución.**

O prazo de entrega do subministro establécese en tres meses desde a formalización do contrato.

A montaxe e instalación dos equipos e a posta en marcha deberá facerse nun prazo máximo de 10 días desde a entrega do subministro. No caso do aparcadoiro de Belvís, o prazo para a instalación e posta en marcha será de 10 días desde que TUSSA comunique á empresa adxudicataria a finalización das obras de renovación do aparcadoiro.

Respecto dos servizos de asistencia técnica de mantemento, establécese unha duración de DOUS ANOS desde a formalización da Acta de Recepción. Por cada instalación asinarase un Acta de Recepción, polo que as datas de inicio e finalización do contrato de mantemento poden ser diferentes.

**5. Presentación de proposicións:** as proposicións presentaranse nas oficinas de TUSSA (praza de Camilo Díaz Baliño, s/n-estación de autobuses, CP 15704 Santiago-A Coruña), en horas de 9 a 14, dentro do prazo de 30 días naturais, a contar desde o día seguinte á data de publicación deste anuncio.

**6. Garantía provisional:** non se esixe.

**7. Garantía definitiva:** 5% do importe de adxudicación.

**8. Clasificación:** non se esixe.

**9. Apertura das proposicións:** as datas de apertura dos sobres que conteñen os diferentes criterios de adxudicación a valorar nesta licitación, que terán lugar en acto público, anunciaranse cunha antelación mínima de tres días naturais ao da súa celebración no perfil do contratante: [www.tussa.org](http://www.tussa.org).

**10. Documentación e demais información:** nas oficinas de TUSSA. Tfno. 981 56 82 10. Fax 981 57 43 24. Na web da Sociedade, [www.tussa.org](http://www.tussa.org).

**11. Gastos dos anuncios:** o gasto derivado da publicación desta licitación será por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2017.

José Ramón Mosquera Ferreiro

Director xerente da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A. (TUSSA)